



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O VINTE E UN DE NOVEMBRO DE DOUS MIL VINTE E CINCO (16/2025)

No Salón de Sesiões da Casa do Concello de Monfero, ás dezanove horas e seis minutos do día vinte e un de novembro de dous mil vinte e cinco, en primeira convocatoria, baixo a presidencia do Primeiro Tenente de Alcalde, D. Alberto Cortizas Rejo, en funcións de Alcalde por enfermidade D. Sr. Alcalde, D. Andrés Feal Varela, reúnen-se, os Sres. Concelleiros do PSOE: D. José Grueiro Torrado e D. Ramón Grueiro Martínez; e a Sra. Concelleira e os Sres. Concelleiros do PP: D.^a María Belén Salido Maroño, D. José Tojeiro Mosquera, D. Ángel Filgueiras Grueiro e D. Ramón Blanco Filgueiras; e o Sr. Concelleiro do BNG: D. Manuel García Deive, para o efecto de celebrar a sesión ordinaria convocada para ese día ás dezanove horas. Como queda dito, non asiste o Sr. Alcalde-Presidente, D. Andrés Feal Varela.

Actúa como Secretario o que o é da Corporación: D. Baldomero Beceiro Alonso.

Os asuntos da **orde do día** son os seguintes:

- 1.- Aprobación da acta da sesión do día 17 de novembro de 2025
2. Dar conta da resolución da Alcaldía núm. 340/2025, de 29 de outubro, e do informe do cálculo do custo dos servizos públicos municipais correspondente ao exercicio de 2024
- 3.- Dar conta do informe da Secretaría-Intervención sobre as obrigas trimestrais de subministración de información, execución orzamentaria e avance da liquidación correspondente ao 3º trimestre de 2025
- 4.- Aprobación inicial do Regulamento de uso e funcionamento das instalacións e servizos deportivos municipais do Concello de Monfero
- 5.- Adhesión á Declaración institucional da FEGAMP proposta por UNICEF con motivo do Día Mundial da Infancia 2025
- 6.- Adhesión á Declaración institucional da FEGAMP contra a violencia, contra quen maltrata e contra quen a nega ou a relativiza, con motivo do 25 de novembro de 2025 – Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres
- 7.- Moción do Grupo Municipal Popular de Monfero con motivo da conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación da Violencia Contra as Mulleres
- 8.- Solicitude do Grupo Municipal Popular de Monfero de inclusión na orde do día do acordo de creación dunha comisión informativa permanente de obras e mantemento
- 9.- Moción do Concelleiro do Bloque Nacionalista Galego relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de incrementar os recursos públicos para facer fronte violencia machista
- 10.- Dar conta do resumo das resolucións da Alcaldía do mes de outubro de 2025
- 11.- Asuntos urxentes

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

12.- Rogos e preguntas

1.- APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 17 DE NOVEMBRO DE 2025

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que é a acta do pleno extraordinario anterior, que todos a revisaron e pregunta se hai algunha alegación á devandita acta, que, como está acordado, se publicou, con anterioridade á convocatoria desta sesión, no Taboleiro de Anuncios Electrónico do Concello. Non se producen intervencións. Deseguido procédese á votación. O resultado é que votan a favor da aprobación todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, a acta da sesión do día 17 de novembro de 2025 queda aprobada por unanimidade sen ningunha obxección e o Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

2. DAR CONTA DA RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA NÚM. 340/2025, DE 29 DE OUTUBRO, E DO INFORME DO CÁLCULO DO CUSTO DOS SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS CORRESPONDENTE AO EXERCICIO DE 2024

A resolución da Alcaldía núm. 340/2025 á que se refire este punto da orde do día enviouse, coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: COSTE SERVICIOS 2024

EXPEDIENTE: 2025/G003/000351

ANTECEDENTES:

Logo de ver a obriga imposta polo artigo 116 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, introducido pola Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, de calcular e comunicar ao Ministerio de Facenda o custo efectivo dos servizos públicos, e os criterios de cálculo establecidos na orde do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas HAP/2075/2014, de 9 de novembro, pola que se establecen os criterio de cálculo do custo efectivo dos servizos prestados polas entidades locais, e partindo dos datos da liquidación do exercicio anterior, e os datos comunicados,

RESOLVO:

Prestar aprobación ao informe do cálculo do custo efectivo dos servizos públicos municipais correspondentes ao 2024.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Monfero, na data da sinatura dixital deste documento electrónico polo Alcalde (Asinado pola Secretaría para os efectos exclusivamente do artigo 3.2 do R. D. 128/2018, do 16 de marzo, e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018, do 15 de febreiro)

O Alcalde en funcións
Alberto Cortizas Rejo

O Secretario
Baldomero Beceiro Alonso

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que a teñen todos, que supón que o lerían e pregunta se hai algunha intervención. Non se produce ningunha e proclama que o pleno toma coñecemento.

3.- DAR CONTA DO INFORME DA SECRETARÍA-INTERVENCIÓN SOBRE AS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN, EXECUCIÓN ORZAMENTARIA E AVANCE DA LIQUIDACIÓN CORRESPONDENTE AO 3º TRIMESTRE DE 2025

O informe da Intervención ao que se refire este punto da orde do día consta asinado dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/X999/000018, enviouse, coa convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“INFORME DA INTERVENCIÓN SOBRE

O CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS TRIMESTRAIS DE SUBMINISTRACIÓN DE INFORMACIÓN DA LEI 2/2012 LOEASF, DESENVOLVIDA POLA ORDE HAP/2105/2012, EXECUCIÓN ORZAMENTARIA E AVANCE DA LIQUIDACIÓN, CORRESPONDENTE AO TERCEIRO TRIMESTRE DE 2025.

- NORMATIVA APLICABLE

Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das bases de réxime local.

Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 marzo, polo que se aproba o texto refundido da lei reguladora das facendas locais (en adiante RDL 2/2004).

Real decreto 500/1990, do 20 de abril, polo que se desenvolve o capítulo primeiro do título sexto da Lei 39/1988.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Orde EHA 3565/2008, do 3 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos presupostos das entidades locais.

Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante LOEOSF).

Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante Orde HAP/2105/2012).

Orde HAP/2082/2014, do 7 de novembro, pola que se modifica a Orde HAP/2105/2012, de 1 de outubro, pola que se desenvolven as obrigas de subministro de información previstas na Lei orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira (en adiante Orde HAP/2082/2014).

Real Decreto 1463/2007, do 2 de novembro, que desenvolvía a Lei 18/2001, de estabilidade orzamentaria (en adiante RD 1463/2007).

- ANTECEDENTES DE FEITO

A LOEOSF regula o principio de transparencia como base do funcionamento das Administracións Públicas, e para iso resulta clave a rendición de contas e o control da xestión pública para contribuír a xerar confianza no correcto funcionamento do sector público.

A importancia deste principio leva ao lexislador a establecer no artigo 6 da LOEPSF, a obriga das Administracións Públicas de subministrar toda a información necesaria para o cumprimento das disposicións da devandita Lei, e das normas e acordos que se adopten no seu desenvolvemento, e garantir a coherencia das normas e procedementos contables, así coma a integridade dos sistemas de recompilación e tratamento dos datos.

O desenvolvemento regulamentario ao que se refire o antedito artigo da LOEOSF, foi realizado polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, a través da Orde HAP/2105/2012, e en concreto, as obrigas trimestrais de subministración de información, recóllense no seu artigo 16.

A Orde HAP/2082/2014 modificou a orde HAP/2105/2012, excluindo ás corporacións locais de poboación non superior a 5.000 habitantes do cumprimento das obrigas as que se refire o artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, no que se refire aos primeiros tres trimestres de cada ano, agás a información mencionada nos parágrafos 7 e 8 do indicado artigo 16, e dicir a actualización do plan de tesourería e o detalle das operacións de débeda viva, e a información relativa ao período medio de pago a provedores.

Os artigos 14 e 16 da Orde HAP/2105/2012, sobre obrigas mensuais e trimestrais de subministración de información das Comunidades Autónomas e das Corporacións Locais,



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

entraron en vigor o 1 de xaneiro de 2013, de conformidade coa disposición transitoria única da devandita orde; e a Orde HAP/2105/2012 entrou en vigor o 9 de novembro de 2014

O artigo 4 da Orde HAP 2105/2012, impón a centralización do cumprimento da obriga de remisión e recepción de información “*Nas Corporacións Locais, a intervención ou unidade que exerza as súas funcións.*”

Por tódolos feitos e fundamentos de dereito descritos emítese o seguinte

- INFORME

PRIMEIRO.- Cumprimento da obriga de remisión de información

De conformidade co regulado no artigo 4 da LOEOSF, e o desenvolvemento dela realizado pola Orde HAP/2105/2012, e en concreto co contido dos seus artigos 4 e 16, este Secretario-interventor cumpriu coa súa obriga de subministración da información trimestral correspondente ao terceiro trimestre de 2025 o 29 de outubro de 2025, en tempo e forma. Remitiuse a totalidade da información requirida polo Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da plataforma telemática habilitada na “Oficina Virtual das Entidades Locais”, <https://serviciostelematicos.minhap.gob.es/Trimestrales/>.

O xustificante do envío realizado consta no expediente

SEGUNDO.- Xustificación do informe e do seu coñecemento polo Pleno.

Tras subministrar a información requirida, correspondente ao terceiro trimestre de 2025, esta Intervención, por aplicación do principio xeral do artigo 207 do RDL 2/2004, de acordo co artigo 16.2 do RD 1463/2007 e segundo os formularios, que dispoñen que o Pleno da Corporación deberá ter coñecemento do informe de avaliación, elabora o presente informe, que resume os cálculos, previsións e información subministradas, que serán oportunamente explicados con máis detalle de ser necesario, para dar conta del ao Pleno da Corporación.

O capítulo IV da LOEOSF regula as medidas preventivas, correctivas e coercitivas que o Goberno, a proposta do Ministerio, podería impoñer ás entidades locais cando se apreciase un risco de incumprimento dos obxectivos de estabilidade orzamentaria, de débeda pública ou da regra de gasto ao peche do exercicio, e as limitacións orzamentarias futuras que iso xeraría.

Por todo isto, dáse traslado do presente informe á Alcaldía, para que proceda a súa elevación ao pleno da Corporación para o seu coñecemento e efectos oportunos.

TERCEIRO.- Baseamento das estimacións realizadas.

Para efectuar as previsións en materia de ingresos do exercicio corrente, estímense os dereitos recoñecidos (RDs) a 31 de decembro de 2025 dos capítulos (Cs) 1, 2 e 3 prorrateando ata

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

decembro o executado en 30/09/2025. No C 4, a estimación faise sumando ao executado a 30/09/2025 un total de 286,113,88, que corresponden aos ingresos que se estima que se van a realizar ata esa data á vista da experiencia de exercicios anteriores, é dicir, a participación nos ingresos do Estado e no Fondo de Cooperación Local do último trimestre, a razón de 48.540.04€ mensuais a primeira e 18.374.64 a segunda, a achega trimestral da Xunta ao SAF (48.936.00€), o ingreso do 50% restante correspondente ao financiamento do Plan Concertado á Traballadora Social (8.407.50€), a subvención da Xunta de Galicia para os tratamentos preventivos contra os incendios forestais (14.000,00€), á subvención para o servizo de socorrismo tamén da Xunta de Galicia (3.026.34€), e máis o anticipo do Plan de emprego local da Deputación Provincial de 2025 (11.000,00€). Así como 11.891,88€ correspondentes ao 50% dos ingresos previstos para o 2025 de Ecoembes (13.996.62€) e da subvención da Deputación Provincial para o programa da Rede Cultural (9.787.14€). Nos Cs 5, 8 e 9 non se prevén ingresos. No C 7, a previsión é de que, a maiores do xa executado ata 30/09/2025, estean executados e se perciban en 31/12/2025 os ingresos do 100% das obras xa adxudicadas incluídas no POS+ Ad2A 2024 (320.919.83), FCA 2025 (29.000.00) e POS Ad2B 2024 (55.359.98). No referente aos exercicios pechados, contémpanse só os ingresos realizados ata a data.

Canto aos gastos do exercicio corrente, as obrigas recoñecidas e liquidadas (ADOs) a 31/12/2025 dos Cs 1, 2 e 3, estímanse tamén partindo do executado en 30/09/2025, dividindo este importe entre 10 e multiplicándoo por 14 no C 1 por tratarse de 14 pagas, e co límite do crédito orzamentario no C 2, por ser inferior ao gasto previsto resultante do prorrateo. No C 4, a estimación de ADOs é a de que se vai executar o 70% do previsto neste C no orzamento definitivo de 2025. Nos investimentos do C 6, coma no caso dos ingresos por transferencias de capital que os financian, se é o caso, a estimación é de que, a maiores do xa executado a 30/09/2025, se executen investimentos e se recoñezan as obrigas correspondentes ao 100% das seguintes obras xa adxudicadas e, a maioría, executadas: POS+ Ad2A 2024 (320.919.83), FCA 2025 (29.000.00), POS+ Ad2B 2024 (55.359.98), a anualidade corresponde ao 2025 do Plan Camiña (Agader) 2025-2026 (41.253.36), e a subvencionada no Fondo de Cooperación Local Adicional 2025 (32.195.11). No C 7 a estimación de ADOs é do mesmo importe que o reflectido no Orzamento de 2025. No C 9 prevese o importe do POS+ Adicional 3/2025 para amortización de débeda (134.303.76€), xa formalizado. No referente aos exercicios pechados, non se contemplan ADOs por non terse realizado ningún na data.

A estimación de dereitos e obrigas recoñecidas ao remate de 2025 exposta, fai innecesarios axustes polo grao de execución do gasto para avaliar o cumprimento das regras fiscais nese momento, polo tanto, o único axuste que se realiza para a avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e do límite do gasto computable para a regra do gasto ao remate do 2025, é o correspondente aos pagamentos pendentes de aplicación, que se estima pola diferenza entre o saldo destes gastos o 01-01-2025 (122.151,30€) e o previsto a 31-12-2025 (62.533,18€) resultante dos cálculos realizados referidos anteriormente, é dicir, que aumenta a capacidade de financiamento en 59.618,12€, por ser maior o gasto pendente a 01/01/2025 que o que se estima

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

como pendente a 31/12/2025. Tamén se elimina o importe xa ingresado da subvención que financia a obra, aínda sen contratar, correspondente á subvención do ITJ (Fondos Next Generation PRTR) para a Rehabilitación de edificio municipal para Centro social na antiga Casa Rectoral do Canedo (294.507,10€), por tratarse dun valor atípico que distorsionaría os resultados mostrando unha capacidade de financiamento maior da que realmente é. En consecuencia, cos datos dos que se dispón agora e como resultado dos cálculos expostos, a estimación é de que se liquidaría o orzamento de 2025 con capacidade de financiamento por importe de 200.301,41€

O gasto computable para o cálculo da Regra do Gasto resultante da liquidación de 2024, é de 1.233.807,44€. Incrementado na taxa de referencia de crecemento do PIB vixente para o ano 2025, do 3,20%, determina o límite do gasto computable do Concello para o cumprimento desta regra fiscal no 2025, cifrándoo en 1.273.289,28€. Unha vez deducidos os gastos financiados con fondos finalistas, que se estiman polos importes dos C 4 e 7 de ingresos do Orzamento definitivo, axustados aos importes das adxudicacións realizadas cando é o caso e supón a súa minoración, e deducindo tamén os subconceptos 42000 (PTE), 45001 (FCL) e 46100.25000 (Plan redución débeda Deputación), non finalistas, 20.000,00€ do subconcepto 45002.2502 (Financiamento SAF da Xunta), os subconceptos 76100.2530 (80.562,13€) e 76100.2531 (369.335,35€) (POS+ 2025), a subvención do PXOM (60.792,59€) e a subvención do ITJ á que xa se fixo referencia no seu importe total(494.845,18€), porque se estima que os gastos correspondentes non se realizarán no 2025, máis os créditos financiados con desviacións de financiamento no expediente de incorporación de remanentes 4/2025 (23.741,61€); o importe do gasto computable do Concello estimado ao remate de 2025 é de 1.217.129,73, unha vez descontado o axuste de 59.618,21€ polos gastos pendentes de aplicación ao orzamento, que minoran o gasto computable ao ser menores os que se estiman que quedarían a 31/12/2025 que os que había a 01/01/2025.

Todo isto tendo en conta que se se aumenta o gasto por enriba do previsto como límite ou non se cumpren por algún motivo as previsións expostas, que dependen de numerosísimas variables, sería moi probable que se superase o límite máximo de gasto computable, con incumprimento da regra do gasto.

CUARTO.- Contido da información

A información correspondente ao terceiro trimestre do 2025, reflíctese nos formularios que deseñou a Subdirección Xeral de Estudos e Financiamento das Entidades Locais para dar cumprimento á obriga de remisión de acordo co que sinala o artigo 16 da Orde HAP/2105/2012, para concellos de menos de 5000 habitantes, e incorpórase cumprimentando os formularios correspondentes a través da Oficina Virtual.

Ditos formularios relaciónanse deseguido:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

1. Comunicación trimestral de datos individualizados por Entidades

Datos orzamentarios

Calendario e orzamento de tesourería

Débeda viva e vencemento mensual previsto no próximo trimestre

Perfil do vencemento da débeda nos próximos 10 anos

3. Informe de Avaliación grupo Administracións Públicas

3.1 Validación datos informe avaliación

3.4 Informe do nivel de débeda viva ao final do período actualizado

4. Peche do informe de avaliación e sinatura

O resumo da información e previsións subministradas, é o seguinte:

CONCEPTOS		Acumulado exercicio
Fondos líquidos ao inicio do exercicio		748,515,62
Cobros orzamentarios	Exercicio corrente	3.319,153,04
	Exercicios pechados	3.454,65
Cobros non orzamentarios		124.156,07
Cobros realizados pendentes de aplicación definitiva		0
Pagamentos orzamentarios	Exercicio corrente	3.021.721,06
	Exercicios pechados	0
Pagamentos non orzamentarios		124.314,30
Pagamentos realizados pendentes de aplicación definitiva		3.140,88
Fondos líquidos ao rematar o exercicio		1.046.103,14

Débeda viva prevista final exercicio

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Débeda viva final período segundo o Protocolo de déficit excesivo (PDE) (que exclúe a que está en poder doutras administracións)	0,00
Para os efectos do réxime de autorizacións (inclúe con AAPP, Deputación...)	575.840,91

Resultado avaliación estabilidade orzamentaria ao remate de 2025	
Diferenza entre ingresos e gastos non financeiros	435.190,39
Axustes	-234.888,98
Previsión: Capacidade de financiamento	200.301,41

Resultado avaliación cumprimento regra do gasto ao remate de 2025	
Límite gasto computable 2025 deducido da liquidación de 2024	1.273.289,28
Gasto computable estimado a 31-12-2025	1.276.747,12
Axustes estimados	-59.618,12
Gasto computable axustado estimado a 31-12-2025	1.217.129,00

É o que, agás erro ou omisión involuntaria, ten que informar o funcionario que asina, no entanto, a Corporación, co seu superior criterio, acordará o que estime procedente.

Monfero, na data da sinatura dixital

O Secretario-interventor, Baldomero Beceiro Alonso”

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que se lles pasou a todos. Pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e proclama que o pleno toma coñecemento.

4.- APROBACIÓN INICIAL DO REGULAMENTO DE USO E FUNCIONAMENTO DAS INSTALACIÓNS E SERVIZOS DEPORTIVOS MUNICIPAIS DO CONCELLO DE MONFERO

A proposta de acordo da Alcaldía á que se refire este punto da orde do día consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/G006/000069, enviouse, coa convocatoria desta sesión, xunto co proxecto do regulamento e informes de Secretaría-

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Intervención, á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Logo de ver o proxecto de Regulamento municipal de uso e funcionamento das instalacións e servizos deportivos municipais do Concello de Monfero, elaborado polo Técnico deportivo Municipal, informes e demais documentación do expediente, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente o Regulamento municipal de uso e funcionamento das instalacións e servizos deportivos municipais do Concello de Monfero.

2º.- Darlle ao expediente a tramitación e publicidade, mediante a súa exposición no taboleiro de anuncios electrónico deste Concello e no Boletín Oficial da Provincia, por un prazo de trinta días hábiles, dentro dos cales o interesados poderán examinalo e formular as reclamacións que estimen oportunas.

3º.- Considerar definitivamente adoptado este acordo no caso de que non se presentasen reclamacións ao expediente, no prazo anteriormente indicado.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que o que pretende o Goberno municipal é aprobar un regulamento municipal sobre normas básicas de funcionamento das instalacións deportivas e tamén normas de hixiene, das que se carecía no día da data. Que había un bando, cre que do ano 2003, pero que consideran que é mellor que haxa un regulamento no que se exprese todo o que queren regular en canto a normas básicas, deberes, responsabilidades, sancións, faltas... Que veñen recollidos a sala de musculación, o polideportivo, o campo de fútbol, a sauna, a piscina. Que non sabe se lle botaron unha ollada a todo o regulamento, que ten 23 artigos e unha disposición final. Deseguido pregunta se hai algunha alegación, algunha intervención.

Pide a palabra para intervir a Sra. Voceira do Grupo Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, e manifesta que o seu grupo si que está de acordo en que se regulen estes espazos, instalacións deportivas, porque evidentemente cren que debe haber unhas normas básicas como ben dixo (o Alcalde en funcións). Pero que, co que non están de acordo é co documento que se lles achega. Que ven que é un texto que está mal deseñado, completamente, mal equilibrado, e que é profundamente inxusto. É un regulamente que, lonxe de ordenar as instalacións deportivas, o que fai é discriminar aos usuarios. Que a opinión do seu grupo é que crea desigualdade e que vai a complicar a vida das familias, mentres que se permite, en outros espazos, que todo siga igual, sen ningún tipo de control.

Que este regulamento, que restrinxen onde non debe e permite onde non pode, converte ao pavillón e a piscina nun espazo hiperrestritivo, como se fose unha entrada a un aeroporto, tal cal. Que a súa visión é esa. Que está cheo de prohibicións, xa non son soamente normas básicas, son prohibicións, mentres que para o campo de fútbol non regula nada, no campo de fútbol non aparece ningunha norma, parece que vale todo. Que esa non é a súa opinión, que iso é o que se reflicte neste documento que lles fixeron chegar. Que a diferenza é moi evidente e resulta imposible

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

non concluír que están ante un regulamente desequilibrado e totalmente discriminatorio, que trata á cidadanía de maneira distinta segundo a instalación que utilice. Dependendo se utiliza o pavillón, a piscina ou vai ao campo de fútbol.

Que a prohibición do calzado da rúa, de entrar ao pavillón co calzado da rúa, teñen que dicir que é unha medida absurda completamente e totalmente desproporcionada. Que esta prohibición non está xustificada tecnicamente, é máis, que dende o noso grupo revisaron varios regulamentos, revisaron o das Pontes, o de Ares, o de Val do Dubra, o de Ames ou sexa varios concellos gobernados independentemente por distintas siglas políticas e non atoparon ningún, ningún que teña esta prohibición de entrar co calzado da rúa para acceder á pista.

Que isto prexudica especialmente aos nenos, que son os que van alí a facer ximnasia todas as semanas, os días que lles corresponde. Que prexudica tamén ás familias e aos usuarios ocasionais. Que se nós, calquera de nós, vai ao pavillón e de repente pois falando cos amigos decide botar unha pachanga, pois non se pode porque non tes alí outro par de calzado para poder xogar. Entón, dende o seu grupo o que ven é que esta norma está de costas á realidade dos veciños, sen ningún sentido común, simplemente pensada para molestar e non para mellorar nada.

Despois pregunta quen vai a controlar á xente cando entre de fóra se cambia o calzado ou non o cambia, se o técnico deportivo vai a controlar a toda a xente que entra no pavillón para saber se cambia ou non o calzado. Que esa é a pregunta que se fan e que cren que eles (o equipo de goberno) tamén terían que facerse esa pregunta.

Pregunta agora se se vai a cumprir esa norma ou soamente se lle vai facer cumprir aos nenos que van alí a facer ximnasia, que iso é o que queren saber. Pregunta tamén, cando chegue a festa de Reis ou cando chegue a festa do Entroido, como vai a ser, como se vai a xestionar para que non entre ninguén co calzado da rúa para a pista, engadindo que esa é a dúbida que teñen, ou se xa non van a facer alí máis festas de Reis nin de Entroido.

Que desde o seu grupo, o que non queren son normas imposibles, que queren que haxa normas, evidentemente, pero que se poidan levar a cabo, que non sexan simples ocorrencias. Que para protexer o solo hai evidentemente outras medidas menos duras neste caso e que non repercuten na economía da veciñanza. Que ven que é totalmente desproporcional. Que un regulamento debe garantir que todos poidan utilizar a instalación e non que haxa esta discriminación.

Que na piscina atopan varias normas coas que non concordan, evidentemente, porque que se prohiba comer nas instalacións da piscina é de traca. Que non sabe se (o equipo de goberno) leron todo o que lles están presentado aquí no Pleno porque isto... O Sr. Alcalde en funcións aclárelle que esa prohibición se refire ao vaso, á zona do vaso. Replícalle a Sra. Voceira que iso non se especifica no regulamento. Continúa o Sr. Alcalde en funcións dicíndolle que, evidentemente, non é na zona do xardín, é na zona do vaso, que xa ninguén o fai, que moitas das normas que están recollidas nel xa se están cumprindo, que é recollelas nel e plasmalas, que iso xa se sobreentende. A Sra. Concelleira contéstalle que non, que iso o entende el (O alcalde en funcións) se o quere sobreentender, pero unha familia que vaia alí non ten porque sobreentendelo.

Continúa a Sra. Voceira do Grupo Popular, manifestando que tamén lles parece de traca que non se poida gravar un vídeo ao teu propio fillo. Que outra cousa sería gravar un vídeo a terceiras persoas, que evidentemente iso non se pode facer e menos nunha piscina, ou nun pavillón, ou no campo de fútbol. Entón que con iso non están de acordo para nada, porque se vai como nai coa súa filla á piscina, por que non lle podo gravar un vídeo no que non saia ninguén por detrás? Que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

cre que iso poderíase facer porque non se está cometendo ningunha ilegalidade ni ningún delito en gravar a túa propia filla.

Prosegue a Sra. Voceira, dicindo que outra cousa coa que non están de acordo tampouco, é, segundo poñen no regulamento, que os nenos nin ningunha persoa poden levar roupa interior por debaixo do bañador. Que lle parece mentira que teñan que explicar iso tamén. Porque (O Alcalde en funcións) sendo pai... Que non o entenden, pero que o van a explicar. Que moitas veces os nenos poñen un calzoncillo por debaixo do bañador por culpa de que a rexión que traen os bañadores lles provocan rozaduras, que non sabe se (Os membros do equipo de goberno) son conscientes diso, pero que xa llo explican. Pregunta se entón (Os membros do equipo goberno) van a comprobar que os nenos non poidan levar un calzoncillo por debaixo do bañador, para que non lles roce o bañador, sobre todo os máis pequenos?. Que iso é tremendo, que lles parece tremendo que incluso se metan con iso.

Di agora que, por outro lado o regulamento non recolle nada acerca dos flotadores, alguén pode ir alí á piscina e meter un colchón inchable pero non se lle pode dicir nada porque iso non aparece contemplado. Nin aparece contemplado que se poida cuspir na auga, por exemplo, iso tampouco aparece contemplado. E seguramente agora (O alcalde en funcións) lles diga que iso xa o ten que saber todo o mundo. Que hai cousas que deberían de estar recollidas porque (Aos membros do Equipo de Goberno) lles parece absurdo pero que non é tan absurdo porque en moitas piscinas a xente cuspe e que iso non sabe se o saben, que incluso chegan a ouriñar, e entón que cre que iso debería aparecer no regulamento.

Que no campo de fútbol non hai ningunha norma. É dicir que van mañá ao pavillón subirse a unha portería e lles cae unha sanción, pero se van ao campo de fútbol subirse a unha portería, romper un vaso, unha botella, tirar unha papeleira e ninguén os vai a sancionar porque o campo de fútbol non ten normas. Entón como que todo vale. Que non hai normas de seguridade, non hai normas de ningún tipo. Que iso é o que lles están trasladando neste documento, que non é que o estean inventando. Que por iso ten as súas dúbidas de que (Os membros do equipo de goberno) leran isto porque a verdade é que lles sorprende.

Que iso é o que queren dicir, que ao pavillón e á piscina moitísimas normas e que no campo de fútbol deixemos que todo sexa o que deus queira. Que no pavillón non se pode entrar cun calzado da rúa sen embargo para xogar no céspede de herba natural pódese utilizar calquera tipo de taco, aquí como non se recolle nada, en fin... Que isto deixa moito que desexar e que sigue a dicir que o seu grupo está de acordo en que se regulen estes tipos de instalacións pero non de calquera maneira. Porque isto é unha chafullada, simplemente.

Manifesta agora que o horario do pavillón o horario da piscina non aparece contemplado en ningún lado. Que non saben se cada un pode ir á hora que queira. Que isto é un despropósito que o único que fai é crear desigualdade entre a veciñanza de Monfero, que é o único que fai.

Que, evidentemente están aquí para defender aos veciños todos, non a un grupo si e a un grupo non, que están aquí para defendelos a todos. Por iso o seu voto vai ser en contra, porque lles parece que en Monfero o deporte débese xestionar con máis seriedade e con menos ocorrencias. Entón que van a votar en contra.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Pide a palabra para intervir o Sr. concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, e manifesta que vai votar a favor, que está de acordo con moitas das cousas que dixo a Sra. Voceira do Grupo Popular, con moitas das cousas que dixo, pero que a el o regulamento se lle queda corto, non largo, sobre todo no campo de fútbol como acaba de dicir a Sra. Concelleira, pero que xa era hora de empezar a regular algo aquí en Monfero, que era hora de empezar a regular algo porque está todo “desregulado”, as instalacións deportivas e todo.

Manifesta agora o Sr. Alcalde en funcións que si que é certo que quizais no campo de fútbol lles falta algunha regulación máis. Interrompe a Sra. Voceira do Grupo Popular para dicir que faltan todas. Continúa o Sr. Alcalde en funcións dicindo que non se usa como outras instalacións, que non ten nada que ver. Replica a Sra. Concelleira que tamén é onde pode haber máis perigo, sinceramente. Sinala entón o Sr. Alcalde en funcións que que lle diga que entrar cuns tenis no campo de fútbol ou na pista polideportiva é o mesmo... cando non hai nin color, que iso xa demostra o seu coñecemento (da Sra. Concelleira). Con respecto ao que di de usar calzado da rúa na pista polideportiva, que iso lévase prohibindo desde o ano 2003 ou 2002, que xa cando el era pequeno e ía en sexto de primaria e en quinto, ía facer ximnasia e xa non se podía entrar así. Que cando gobernaron eles (o grupo da Sra. Concelleira) seguiu sendo o mesmo. Que ían facer educación física os nenos de Primaria e de Educación Secundaria e cambiaban o calzado sempre. A Sra. Voceira do Grupo Popular contéstalle que é mentira. Pregúntalle o Sr. Alcalde en funcións que como que non. Insiste a Sra. Voceira do Grupo Popular en que é mentira. O Sr. Alcalde en funcións tamén insiste en que sempre foi así, con tódolos profesores. A Sra. Voceira do Grupo Popular manifesta que a súa filla empezou no colexio e ía ao pavillón, que ela tamén é nai, e que a súa filla empezou no cole e ía ao pavillón e empezou a levar os tenis hai poucos anos, haberá dous anos, antes non. Sr. Alcalde en funcións reitera que el xa os quitaba daquela. A Sra. Voceira do Grupo Popular manifesta que é máis, que aquí estáselle obrigando aos nenos a cambiar os tenis e pregunta se os profesores cambian os tenis cando van á pista polideportiva. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que non o sabe. A Sra. Voceira do Grupo Popular replícalle que hai que empezar por aí. O Sr. Alcalde en funcións insiste en que el xa os cambiaba e que lle parece surrealista porque iso xa é unha cuestión de hixiene. A Sra. Voceira do Grupo Popular contéstalle que surrealista é o que lles están presentando. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que se vai facer educación física a unha pista polideportiva non vai andar cuns zapatóns da calle, que se vai adestrar a fútbol sala, non vai entrar cuns zapatos de fóra, que terá que poñer un calzado adecuado, que non vai poñer uns zapatóns para xogar ao fútbol sala, que xa é unha cuestión de lóxica. A Sra. Voceira do Grupo Popular replica que xa ven que ten moita lóxica, que por iso cando falaba de cuspir na piscina, tamén dicía que xa se supón... e entón que a xente xa sabe que se vai a un polideportivo ten que ir en tenis. Respóndelle o Sr. Alcalde en funcións que claro, que na piscina tampouco se pode facer lume, que se queren poden regular unha pila de cousas. Falan os dous a un tempo resultando imposible transcribir o que din. A continuación o Sr. Concelleiro do BNG reflexiona que non se pode vixiar para que non se ouriñe na piscina, que poden regular o que queiran que é o mesmo. Intervén agora o Sr. Concelleiro do PSOE, D. Ramón Grueiro Martínez, e di que ten un fillo da época do Sr. Alcalde en funcións, que xogaba ao fútbol sala con el, ao que viña a recoller sempre, e que lembra que sempre sempre cambiaron o calzado, que iso que di é mentira. Fala a un tempo que a Sra. Voceira do PP. Deseguido o Sr. concelleiro do PP, D. José Tojeiro Mosquera, manifesta que é máis vello que o fillo do Sr. Concelleiro que acaba de falar e que o Sr. Alcalde en funcións e que ten xogado moitas veces sen cambiar o calzado e ninguén lle dicía nada. Volven falar a un tempo.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Non se producen máis intervencións. O Sr. Alcalde en funcións anuncia que se vai proceder á votación da proposta da Alcaldía sobre este punto da orde do día. Vótase. O resultado é de 4 votos a favor (PSOE e BNG), 4 votos en contra (PP) e ningunha abstención. Como o resultado é de empate repítese a votación co mesmo resultado e decide o voto de calidade do Sr. Alcalde en funcións, quen proclama que a proposta da Alcaldía sobre a aprobación inicial do Regulamento municipal de uso e funcionamento das instalacións e servizos deportivos municipais do Concello de Monfero é aprobada co voto de calidade do Sr. Alcalde en funcións.

5.- ADHESIÓN Á DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEGAMP PROPOSTA POR UNICEF CON MOTIVO DO DÍA MUNDIAL DA INFANCIA 2025

A Declaración institucional da FEGAMP proposta pola UNICEF con motivo do Día Mundial da Infancia 2025 á que se refire este punto da orde do día consta no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/G010/000016, enviouse, ao mesmo tempo que a convocatoria desta sesión, a Sra. Voceira do Grupo Político Municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

“DÍA MUNDIAL DA INFANCIA 2025

A aprobación da Convención sobre os Dereitos do Neno por parte das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989, foi un fito que transformou a visión da infancia nas nosas sociedades. Os nenos, nenas e adolescentes deixaron de ser considerados meros receptores de coidados para converterse en suxeitos de dereitos, con voz, axencia e capacidade de transformación.

Cada ano, esta data lémbra-nos o compromiso colectivo de garantir os dereitos fundamentais de todos os nenos e nenas, promovendo o seu benestar, protección e participación activa na sociedade. As entidades locais, como institucións máis próximas á cidadanía, teñen un papel esencial na creación de contornas seguras, inclusivas e protectoras para a infancia. Por iso cómpre conmemorar o Día Mundial da Infancia non só para recoñecer os avances logrados, senón para evidenciar os retos persistentes, emerxentes, e nalgúns casos crecentes, que ameazan o benestar e o desenvolvemento da infancia en todo o mundo, especialmente en contextos de conflito e guerra.

Garantir os dereitos da infancia non é só unha obriga legal, senón un imperativo ético. Non é unha cuestión de voluntariedade, senón de compromiso, responsabilidade e prioridade no cumprimento dos seus dereitos. Cada neno e nena merece crecer nun ambiente seguro, saudable, garante dos seus dereitos, impulsor de oportunidades e participativo. Dado o noso rol preto da cidadanía, desde as institucións locais debemos redobrar esforzos para que ningún neno ou nena quede atrás, para ofrecer espazos de participación e para impulsar os dereitos da infancia.

Neste Día Mundial da Infancia, reafirmamos o noso compromiso coa infancia, na nosa localidade e contorna, pero tamén coa infancia noutros lugares do mundo, porque protexer e escoitar á infancia, a todas as infancias, en calquera lugar do mundo, é crucial hoxe e mañá.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Como responsables políticos debemos preguntarnos se estamos facendo o suficiente para protexer, promover e realizar os dereitos da infancia; se estamos destinando recursos abondo; se estamos tendo en conta as súas propostas cando tomamos decisións, se consideramos ós nenos, nenas e adolescentes de maneira prioritaria.

Son moitos os desafíos ós que debemos enfrontarnos; retos trasladados por parte de UNICEF España ao Comité dos Dereitos do Neno e ante os cales, todos os niveis da Administración pública deben estar aliñados e coordinados, co fin de priorizar o interese superior do neno ou nena en calquera decisión, para iso nos comprometemos a traballar para:

Dar prioridade ós nenos, nenas e adolescentes en risco de pobreza e/ou exclusión:

Implementar medidas aliñadas coa Garantía Infantil Europea, co fin de abordar a elevada taxa de pobreza infantil, crecente como evidencia a taxa de pobreza de ingreso para a infancia o cal pasou de 28,9% en 2024 ao 29,2% en 2025.

Universalizar o primeiro ciclo de educación infantil de 0 a 3 anos, como unha medida eficaz para romper o ciclo de pobreza interxeracional."

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que saben que esta semana houbo o Día Mundial da Infancia e que o se pretende é aprobar esta Declaración Institucional da FEGAMP proposta pola UNICEF con motivo do Día Mundial da Infancia 2025 para garantir os dereitos fundamentais de todos os nenos e nenas, promovendo o seu benestar, a súa protección e a súa participación activa na sociedade, que supón que lerían todos. Pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e anuncia que vai someter a adhesión a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións proclama que a adhesión do Concello á Declaración institucional da FEGAMP proposta pola UNICEF con motivo do Día Mundial da Infancia 2025 á que se refire este punto da orde do día, é aprobada por unanimidade polo Pleno da Corporación.

6.- ADHESIÓN Á DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEGAMP CONTRA A VIOLENCIA, CONTRA QUEN MALTRATA E CONTRA QUEN A NEGA OU A RELATIVIZA, CON MOTIVO DO 25 DE NOVIEMBRE DE 2025 – DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

A Declaración institucional da FEGAMP contra a violencia, contra quen maltrata e contra quen a nega ou a relativiza, con motivo do 25 de novembro de 2025 – Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra as Mulleres, á que se refire este punto da orde do día consta no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/G010/000016, enviouse, ao mesmo tempo que a convocatoria desta sesión, a Sra. Voceira do Grupo Político Municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG e transcríbese textualmente a continuación:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

“DECLARACIÓN INSTITUCIONAL DA FEGAMP CONTRA A VIOLENCIA, CONTRA QUEN MALTRATA E CONTRA QUEN A NEGA OU A RELATIVIZA

25 de novembro de 2025 – Día Internacional para a Eliminación da Violencia contra as Mulleres

Dende o rexeitamento e condena unánime á violencia machista que sofren as mulleres, o municipalismo galego conmemora este 25 de novembro lembrando ás tres irmás activistas da República Dominicana, asasinadas e inspiradoras desta data internacional. Facémolo nas portas dos nosos Concellos e Deputacións, pero tamén nas rúas, nas prazas, nos centros educativos e nos lugares de traballo.

Os concellos e deputacións galegas somos conscientes da urxencia de erradicar unha violencia que, polo feito de ser mulleres, continúa a ser estrutural na nosa sociedade. Reafirmamos o noso compromiso firme e irrenunciábel para poñer fin á violencia contra as mulleres.

Como recolle o Convenio do Consello de Europa —Convenio de Istambul—, “a natureza estrutural da violencia contra as mulleres está baseada no xénero, e constitúe un dos mecanismos polos que se mantén ás mulleres nunha posición de subordinación respecto dos homes”. Este ano cúmprense 30 anos da IV Conferencia Mundial sobre a Muller (Pekín, 1995), un fito histórico na defensa da igualdade. Alí, 30.000 persoas e representantes de 189 gobernos afirmaron que a violencia de xénero nace de pautas culturais que perpetúan a inferioridade das mulleres e que a súa erradicación é esencial para a igualdade, o desenvolvemento e a paz.

En 2025, 32 mulleres foron asasinadas no Estado polas súas parellas, dúas delas en Galicia. Ademais, tres menores foron asasinados en contextos de violencia de xénero, sumando xa 65 dende 2003. O último informe do Observatorio contra a Violencia Doméstica e de Xénero do Consello Xeral do Poder Xudicial advirte dun incremento do 5 % nas denuncias en Galicia respecto ao ano anterior.

Por todo isto, hoxe e cada día do ano, a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) manifesta a súa máis rotunda condena ante todas as formas de violencia contra as mulleres. Condenamos cada acto, a cada agresor, e tamén a quen nega, minimiza ou xustifica a existencia desta violencia. O negacionismo non só fere a memoria das vítimas, senón que desprotexe ás que sofren e debilita o compromiso social necesario para combatela. Negar ou relativizar a violencia machista é contribuír á súa persistencia, e fronte a iso as institucións galegas deben manterse firmes, unidas e comprometidas.

Sabemos que a desigualdade estrutural segue presente nas vidas das mulleres. Os estereotipos e patróns de xénero continúan nos ámbitos da economía, da cultura, da política e do deporte, atacando o corazón mesmo da liberdade e da democracia. A súa expresión máis cruel é a violencia de xénero, alicerzada nun sistema patriarcal que perpetúa o control e a desigualdade.

Debemos erguer a voz por aquelas mulleres que atopan máis barreiras para acceder á información e á protección: mulleres con discapacidade, maiores, migrantes ou que non dominan as nosas

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

linguas. Seguiremos traballando para garantir os seus dereitos con servizos e recursos adecuados, en condicións de plena igualdade.

En Galicia, alcaldes e alcaldesas, concelleiros e concelleiras, así como todo o persoal municipal, póñense a carón das vítimas e das súas familias para dicirlles que non permitirán que se vulnere o principio de igualdade nin se normalice esta violencia, un crime contra os dereitos humanos que nos empobrece como sociedade.

Contamos cun amplo marco legal, xudicial e de protección —a Lei Orgánica 1/2004, a Lei galega 11/2007 e o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero que debemos seguir reforzando tamén dende o ámbito local.

Finalmente, a FEGAMP quere recoñecer o compromiso da cidadanía galega na loita contra a violencia machista, animando a actuar con unidade e a rexeitar con firmeza os comportamentos violentos e a quen os ampara. Ás mulleres dicímoslles, con toda convicción: hai saída, e non están soas. Nin hoxe, nin nunca.”

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que pretenden é a adhesión do Concello a esta Declaración da FEGAMP contra a violencia, contra quen maltrata e contra quen a nega ou a relativiza, con motivo do 25 de novembro de 2025 – Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra as Mulleres que supón que lerían todos. Pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e anuncia que vai someter a adhesión a votación. Vótase. O resultado é que votan a favor todas as persoas membros da Corporación asistentes á sesión. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións proclama que a adhesión do Concello á Declaración institucional da FEGAMP contra a violencia, contra quen maltrata e contra quen a nega ou a relativiza, con motivo do 25 de novembro de 2025 – Día Internacional para a Eliminación da Violencia Contra as Mulleres, á que se refire este punto da orde do día, é aprobada por unanimidade polo Pleno da Corporación.

7.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE MONFERO CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

A moción do Grupo Municipal Popular de Monfero con motivo da conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación de Violencia Contra as Mulleres, á que se refire este punto da orde do día, consta no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/G010/000016, enviouse, ao mesmo que a convocatoria desta sesión, ao Sr. Concelleiro do BNG, e transcríbese textualmente a continuación:

“MOCIÓN CON MOTIVO DA CONMEMORACIÓN DO 25 DE NOVIEMBRE, DÍA INTERNACIONAL DA ELIMINACIÓN DE VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

O 25 de novembro celébrase o Día internacional para a eliminación da violencia contra a muller. Trátase dun día no que como sociedade queremos amosar o noso máis profundo rexeitamento a

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

todo tipo de violencia contra as mulleres. Porque a dignidade de cada muller é innegociable: respéctase, protéxese e deféndese, de feito que a sociedade no seu conxunto debe asumir esta máxima e deben ser os poderes públicos os encargados de garantila.

Porque non podemos esquecer que a violencia de xénero é un problema público e social de primeira magnitude, cuxas raíces se atopan na propia estrutura da sociedade, no seu funcionamento e na maneira en que asigna roles a homes e mulleres creando unha desigualdade inaceptable. Deste xeito a violencia contra as mulleres representa un ataque directo ao dereito á vida, á integridade física, á liberdade, á non discriminación e, en definitiva, á dignidade, todos eles valores irrenunciabes que proclaman tanto a Constitución Española coma o noso Estatuto de Autonomía. Por iso, temos o deber de adoptar as medidas necesarias para facer reais e efectivos eses dereitos, algo que concirne de xeito especial ás administracións públicas.

Os datos que coñecemos son pouco alentadores: as agresión sexuais e as violacións non paran de aumentar no conxunto de España, seguen aumentando tamén as vítimas da trata, séguense producindo asasinatos de mulleres a mans das súas parellas ou exparellas, mesmo no caso das mulleres que xa estaban dentro do sistema VioGen, e é continuo o goteo de sentenzas con rebaixas de condenas a agresores sexuais e pederastas. A todo isto súmanse os erros producidos no sistema de control de pulseiras antimaltrato (o sistema COMETA), e que supuxeron unha desprotección intolerable para as vítimas.

Porén, debe ser un obxectivo prioritario de gobernos administracións acadar a eliminación de todas as formas de violencia que aínda hoxe afectan ás mulleres. Para elo, é preciso a implicación e a concienciación da cidadanía, porque a violencia de xénero é un problema de todas e todos e polo tanto entre todas e todos debemos tentar derribar os muros de silencio que aínda a rodean.

De igual xeito tamén as mulleres e a sociedade no seu conxunto precisan de gobernos á altura das circunstancias, que tomen medidas axeitadas para erradicar a violencia de xénero en todas as súas formas.

Apelamos á tolerancia cero cos maltratadores para poñer fin a esta repudiable lacra e, xunto con toda a cidadanía, colaborar na construción dunha Galicia máis solidaria, máis equilibrada, máis igualitaria e sen discriminación.

Por todo o exposto, o Grupo do Partido Popular de Monfero propón o seguinte ACORDO:

1. Instar ao Concello de Monfero a:

Mellorar a capacidade da detección temperá de todos os tipos de violencias contra as mulleres e os menores desde todos os recursos municipais e en coordinación coa Policía Municipal e os servizos sociais e sanitarios.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Facilitar, na medida do posible, a formación do persoal municipal e, en especial, daqueles que teñan atención ao público para detectar os posibles casos de violencia encuberta.

Promover campañas para que os concellos que non forman parte do sistema de seguimento policial de vítimas de violencia de xénero, VioGén, se integren no mesmo.

Desenvolver campañas divulgativas e preventivas de xeito continuado contra todo tipo de violencia de xénero, con especial incidencia as dirixidas á poboación infantil e adolescente, en coordinación coa comunidade educativa.

Promover, a través dos centros municipais para a mocidade, accións dirixidas a este colectivo para a prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.

Impulsar as Mesas Locais de Coordinación interinstitucional contra a violencia de xénero, en colaboración coa Xunta de Galicia, como instrumentos para optimizar a cooperación de todas as institucións e entidades implicadas na loita contra a violencia de xénero.

2. Instar ao Goberno de España a:

Impulsar medidas para fortalecer o sistema Viogen2, garantindo a súa eficacia real na protección das mulleres vítimas de violencia de xénero.

Asumir as responsabilidades ante o gravísimo fallo no sistema de control de pulseiras antimaltrato vinculadas ás ordes de afastamento en procesos de violencia de xénero, denunciado recentemente pola fiscalía.

Realizar unha auditoría independente para coñecer a dimensión da gravidade do ocorrido no fallo das pulseiras antimaltrato, co obxectivo de depurar responsabilidades, dispoñer de toda a información e evitar que algo así volva suceder no futuro.

Garantir a protección das vítimas de violencia de xénero cuns dispositivos telemáticos seguros, fiables e realmente útiles, que dean información veraz en todo momento, axudando ás mulleres vítimas a superar esa situación con confianza e seguridade, incluídas as mulleres que viven en contornas rurais.

Poñer en marcha todas as medidas sen cumprir do Pacto de Estado contra a violencia de xénero, especialmente as relativas á modificación do Código Penal, Lei de Enxuízamento Criminal e a aprobación da Lei de trata e a explotación de persoas.

Adoptar medidas concretas para paliar a revitimización de mulleres e menores froito da aplicación da Lei Orgánica 10/2022, do 6 de setembro, de garantía integral de liberdade sexual.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

Poñer ao dispor das Comunidades Autónomas -singularmente de Galicia- os recursos necesarios para seguir impulsando plans de prevención e detección dos delitos de violencia de xénero, trata e explotación de seres humanos.

3. Instar á Xunta de Galicia a:

Elaborar un marco de actuación para previr, detectar e actuar ante calquera manifestación de violencia de xénero que poida estar a sufrir unha nena ou muller con discapacidade.

Fomentar os recursos, servizos e prestacións existentes a dispor das vítimas de violencia de xénero como as axudas directas periódicas, as axudas para darlles solucións habitacionais, as axudas para a súa inserción laboral do fin de que logren unha plena independencia do seu agresor, atención psicolóxica e a asistencia xurídica gratuíta.

Poñer en marcha o Plan Integral de Actuación para a Renovación e Impulso dos CIM de Galicia do fin de impulsar a súa actividade, optimizar este recurso e adaptalo á evolución das dinámicas sociais e ás necesidades de funcionamento.

Fomentar a Rede Galega de Entidades Locais contra a violencia de xénero.
Monfero, 12 de novembro de 2025"

O Sr. Alcalde en funcións concédelle a palabra á Sra. Voceira do Grupo Político Municipal do Partido Popular, D.^a M.^o Belén Salido Maroño, quen manifesta que se queren que le a moción. O Sr. Alcalde en funcións e o Sr. concelleiro do BNG expresan que non é necesario. Continúa a Sra. Concelleira dicindo que está ben claro o que queren.

Deseguido pide a palabra para intervir o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, e expresa que vai votar en contra porque lle parece unha hipocrisía bastante grande despois dos recortes que fixeron este ano na Xunta de Galicia en orzamentos para isto e agora que presenten a moción.

Non se producen máis intervencións. O Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter o asunto a votación. Vótase. O resultado é o seguinte: 7 votos a favor (PSOE e PP), 1 voto en contra (BNG) e ningunha abstención. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións proclama que moción do Grupo Municipal Popular de Monfero con motivo da conmemoración do 25 de novembro, Día Internacional da Eliminación de Violencia Contra as Mulleres, á que se refire este punto da orde do día, é aprobada por maioría polo Pleno da Corporación.

8.- SOLICITUDE DO GRUPO MUNICIPAL POPULAR DE MONFERO DE INCLUSIÓN NA ORDE DO DÍA DO ACORDO DE CREACIÓN DUNHA COMISIÓN INFORMATIVA PERMANENTE DE OBRAS E MANTEMENTO

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O escrito de solicitude do Grupo Municipal Popular de Monfero, de inclusión na orde do día do acordo de creación dunha comisión informativa permanente de obras e mantemento, á que se refire este punto da orde do día, consta no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/G010/000016, enviouse, ao mesmo que a convocatoria desta sesión, ao Sr. Concelleiro do BNG, e transcríbese textualmente a continuación:

“O Grupo Municipal Popular no concello de Monfero, ao abeiro da normativa reguladora do réxime local, CONSIDERANDO que as comisións informativas permanentes son órganos útiles en orde a facilitar o seguimento e a transparencia da acción de goberno e, conseguintemente, en orde a estimular os principios dun bo goberno, SOLICITA do Alcalde-con anterioridade á convocatoria do Pleno ordinario do mes de novembro- a inclusión na orde do día do mesmo do seguinte

ACORDO:

Único. A creación dunha "Comisión informativa permanente de Obras e mantemento" que terá como obxecto de coñecemento ou seguimento as resolucións adoptadas polo goberno municipal mediante contratación externa ou medios propios e atinentes a actuacións de creación, rehabilitación ou mantemento de bens patrimoniais ou de dominio publico no concello de Monfero, así como o estudo dos asuntos que nese mesmo ámbito material teñan que ser sometidos á decisión do Pleno, prevéndose una composición integrada por dous concelleiros/as do Grupo Socialista, dous do Grupo Popular e un concelleiro do BNG e establecéndose para a súa celebración e estudo dos asuntos a mesma periodicidade que a dos plenos ordinarios, para o cal deberá efectuarse a súa convocatoria de forma tal que a súa celebración se realice con antelación suficiente na semana anterior á celebración dos referidos plenos ordinarios.

Monfero, 17 de novembro de 2.025
Sr. Alcalde do Concello de Monfero.”

O Sr. Alcalde en funcións concédelle a palabra á Sra. Voceira do Grupo Político Municipal do Partido Popular, D.^a M.^o Belén Salido Maroño, quen manifesta que o seu Grupo quere presentar esta moción porque cren que debe de haber un seguimento das obras máis día a día porque moitas veces toman coñecemento de certos problemas de obras en plenos ou da veciñanza e entón queren que se faga un seguimento máis exhaustivo das obras que se levan a cabo no Concello e que por iso decidiron presentar esta moción ao pleno.

Deseguido intervén o Sr. Alcalde en funcións e manifesta que non está en contra de que se cre ningunha comisión informativa nin ningún órgano máis de participación e transparencia, pero que si quere engadir que, habendo plenos todos os meses, considera que non é necesario que haxa todos os meses tamén esta comisión. Que a vería necesaria se houbera plenos cada dos ou tres meses, pero habendo plenos todos os meses... Que cre que ningún concello da volta coas mesmas características e os mesmos habitantes teñen plenos todos os meses. Que son plenos para expoñer todo o que consideren e pedir explicacións e facer preguntas, propostas e rogos e todo o que consideren necesario, que xa hai un pleno cada mes e que por iso cre que non é necesaria

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

unha comisión desas cada mes, que se houbera cada tres meses o pleno si. Á parte que tampouco está recollido no orzamento para remuneralas un ano enteiro. Que por iso propón que sexan cada dous meses e que non se retribúan. Pide a palabra a Sra. Voceira do PP e manifesta que eles queren que se faga todos os meses e evidentemente queren que sexan sen retribuír a asistencia, que non fan isto con intención de levar máis cartos para a casa a fin de mes, que o fan porque cren conveniente facer un seguimento máis exhaustivo das obras. Reiteran ambos o que xa manifestaron. Engade o Sr. Alcalde en funcións que hai moitos meses que non hai obras no Concello e a Sra. Concelleira contéstalle que entón se lles informa de que non está habendo obras, pero que algunha obra sempre hai, que xa non é só as obras do POS, da Xunta... no Concello sempre se fai algunha obra, que ven que a pa se move continuamente polo Concello e queren estar informados diso.

A continuación pide a palabra para intervir o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, e manifesta que a el lle da exactamente igual que sexa cada mes, cada dous meses ou cada tres meses, e pregunta se se pode facer a cando o pleno, ou antes ou despois do pleno ordinario. Contéstalle a Sra. Voceira do PP que normalmente o xeito é que se faga antes do pleno ordinario, non sendo o mesmo día, outro día que lles da igual. Aclara o Sr. Alcalde en funcións que o mesmo día non pode ser, que en teoría ten que ser unha semana antes, e que por iso propón que sexa cada dous meses para que dea tempo a levalas. A Sra. Voceira do PP non acepta a proposta e entón o Sr. Alcalde manifesta que vai presentar unha emenda e entrega escrito contendo a emenda que se transcribe literalmente a continuación á Sra. Voceira do Grupo Popular e ao Sr. Concelleiro do BNG

"EMENDA DE ADICIÓN QUE FORMULA O SR. ALCALDE EN FUNCIÓNS DO CONCELLO DE MONFERO AO PUNTO 8º DA SESIÓN PLENARIA A CELEBRAR O DÍA 21 DE NOVIEMBRE DE 2025

Logo de ver a proposta de acordo do grupo popular do Concello de Monfero para o punto 8º, propoño a súa emenda de modificación e adición da seguinte maneira:

A comisión celebrará as súas sesións cunha periodicidade bimestral, cada dous meses, e non se percibirán asistencias polos membros da Corporación que asistan a ela.

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo"

O Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter a votación se procede a emenda da Alcaldía ao acordo proposto polo Grupo Popular sobre este punto da orde do día. O Sr. Concelleiro do BNG manifesta que aínda non lle deu tempo a lela. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que a vai a ler despois, que agora é se procede. O Sr. Concelleiro do BNG acéptao. Vótase. O resultado é de 4 votos a favor (PSOE e BNG), 4 votos en contra (PP) e ningunha abstención. Como o resultado é de empate repítese a votación co mesmo resultado e decide o voto de calidade do Sr. Alcalde en funcións, quen proclama que a emenda da Alcaldía sobre a proposta de acordo do Grupo Popular é aprobada co voto de calidade do Sr. Alcalde en funcións.

Deseguido, o Sr. Alcalde en funcións da lectura á emenda transcrita anteriormente.



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención. Non se produce ningunha e anuncia que vai someter a votación o acordo proposto polo Grupo Popular á que se refire este punto da orde do día emendado. Vótase. O resultado é de 4 votos a favor (PSOE e BNG), 4 votos en contra (PP) e ningunha abstención. Como o resultado é de empate repítese a votación co mesmo resultado e decide o voto de calidade do Sr. Alcalde en funcións, quen proclama que o acordo proposto polo Grupo Popular emendado, é aprobado co voto de calidade do Sr. Alcalde en funcións.

9.- MOCIÓN DO CONCELLEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO RELATIVA Á REIVINDICACIÓN DO DÍA 25 DE NOVEMBRO E Á NECESIDADE DE INCREMENTAR OS RECURSOS PÚBLICOS PARA FACER FRONTE VIOLENCIA MACHISTA

A moción do Sr. Concelleiro do BNG de Monfero relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de incrementar os recursos públicos para facer fronte á violencia machista, á que se refire este punto da orde do día, consta no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/G010/000016, enviouse, ao mesmo que a convocatoria desta sesión, á Sra. Voceira do Grupo Popular do Concello e transcríbese textualmente a continuación:

“Moción do BNG relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de incrementar os recursos públicos para facer fronte á violencia machista

Don Manuel García Deive, concelleiro do Bloque Nacionalista Galego (BNG) no Concello de Monfero, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte MOCIÓN para o seu debate no Pleno da corporación.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Neste 2025 cúmplíronse 18 anos da Lei galega contra a violencia machista aprobada no 2007 despois dun intenso traballo de escoita social. Esta foi unha lei pioneira e vangardista a nivel europeo: contemplou a visión da violencia contra as mulleres en todas as súas dimensións e como consecuencia do patriarcado, ampliou o seu recoñecemento máis alá do ámbito da parella e deseñou medidas integrais de sensibilización, prevención, protección e apoio ás mulleres que a sofren.

Desde entón, grazas á presión da mobilización feminista e ao esforzo de distintos colectivos, tamén do nacionalismo galego, houbo distintas melloras e puxéronse en marcha recursos importantes. Porén, non é suficiente e o sistema de loita contra a violencia machista en Galiza sofre a desidia do Partido Popular no desenvolvemento do marco legal e os recortes aplicados nos servizos públicos durante as crises económicas.

Aspectos recollidos na lei como garantir a atención psicolóxica na Atención Primaria non son hoxe unha realidade nunha sanidade pública en crise; as axudas económicas son aínda menores e aprobadas hai case dúas décadas e non recollen o medre da carestía da vida; non existe unha

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

axuda periódica que inclúa ás vítimas de violencia sexual; non se garante a formación especializada dos profesionais que traballan na cadea de atención á violencia machista; o ámbito xudicial segue arrastrando unha enorme revitimización; falta financiamento e persoal para os CIM e en ámbitos estratéxicos como o ensino público non hai un verdadeiro plan de educación afectivo-sexual, eliminouse a materia de igualdade e o Partido Popular intenta impoñer mecanismos de control ideolóxico para restar espazo ás iniciativas feministas de profesorado e estudantado.

No verán de 2025 coñecemos un informe demoledor do Consello de Contas no que se avalían as políticas públicas da Xunta en materia de violencia de xénero no período 2018-2022. Entre outras cuestións, este Informe sinala que, malia a súa importancia, a Xunta de Galiza só destina a prevención un 3% dos recursos. Ademais, o informe sinala o recorte de persoal e a falta de construción dun sistema público e directo de atención ás vítimas, de maneira que o goberno galego foi descasando funcións que lle son propias nos concellos, sobrecargándoos, ou privatizando servizos.

Así, no período 2018-2022 os centros de acollida para vítimas de violencia son entidades municipais ou propiedade de entidades privadas; tan só o Centro de Emerxencias para Vítimas de Violencia de Xénero (CEMVI) é un centro propio. Da mesma maneira, tal e como denunciaron colectivos feministas, profesionais e o BNG, no ano 2024 a Xunta privatizaba os centros de crise 24 horas para a atención da violencia sexual. Máis de nove meses despois da súa posta en marcha, a Xunta do PP segue ocultando a súa información.

A privatización, precarización ou carencia de servizos públicos son un obstáculo na loita contra a violencia machista. É por iso que é fundamental tanto acrecentar os recursos económicos para este ámbito como reforzar os servizos públicos, Algo tan sensible como a atención á violencia sexual non pode depender de empresas multiservizo vinculadas ao Partido Popular como Eulen ou OHL e os graves incidentes coas pulseiras de control telemático no Estado tamén son unha alerta sobre as carencias de recursos que están en mans privadas.

Neste 2025 cúmprense tamén 30 anos da Declaración de Beijing. Hai que recordar que se recoñecía internacionalmente algo hoxe cuestionado abertamente, que a violencia de xénero é un obstáculo para o logro de obxectivos de igualdade, desenvolvemento e paz e que menoscaba ou impide o gozo pola muller dos seus dereitos humanos e das liberdades fundamentais. Daquela equiparábase, por primeira vez, a violencia contra as mulleres como violencia de xénero, entendendo esta como unha construción cultural susceptible de ser modificada no tempo a través dos procesos de socialización.

Nun contexto de avance e normalización das posicións negacionistas, que coincide coa defensa ultraliberal do baleirado dos servizos públicos, urxe unha resposta que aposte por máis feminismo, máis recursos e máis servizos públicos. Temos que denunciar de forma clara e directa que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

cuestionar o a violencia machista é violencia machista e que privatizar e desmantelar os servizos públicos resta capacidade na loita pola igualdade e contra a violencia machista.

No 2024 foron asasinadas, segundo as estatísticas oficiais, cinco mulleres en Galiza. Hoxe hai máis de 6.000 casos activos en Viogén e no que vai de 2025 houbo varios feminicidios e intentos de feminicidio en Galiza. A violencia machista é unha realidade incuestionable, constitúe un problema de dereitos humanos e é o principal problema da vida das mulleres e polo tanto as institucións deben reaccionar reforzando recursos e servizos públicos.

Por estes motivos, a corporación municipal do concello de Monfero, denuncia que o negacionismo da violencia machista é unha forma de violencia machista e reafirma o seu compromiso co reforzo dos servizos públicos e o aumento dos recursos do sistema de protección e atención ás vítimas e, así mesmo, anima á veciñanza da localidade a secundar as mobilizacións do movemento feminista galego.

Por todo o exposto, o Grupo Municipal do BNG somete a debate esta moción e solicita á corporación municipal a adopción do seguinte ACORDO:

1. Instar á Xunta de Galiza a adoptar as seguintes medidas

a) Atender as recomendacións e deficiencias sinaladas polo Consello de Contas no seu Informe de fiscalización das actuacións para a prevención integral da violencia de xénero na Comunidade Autónoma no período comprendido entre 2018 e 2022 e, singularmente, pautar o incremento de persoal, o incremento do orzamento destinado a prevención e sensibilización, a planificación dos procesos de contratación e subvencións con publicidade e concorrência e a aprobación dun plan estratéxico específico para a loita contra a violencia machista.

2) Impulsar un novo marco regulamentario e orzamentario, incrementando a súa contribución, para os Centros de Información á Muller co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM especial énfase na creación deste centro no noso concello xa que actualmente non existe. Facendo

3) Reinternalizar no sistema público os centros de crise 24 horas para a atención de mulleres vítimas. de violencia sexual e blindar a prestación deste servizo con cadros de persoal suficientes para garantir a atención presencial así como aprobar, para a súa posta en marcha no ano 2026, unha axuda periódica específica para vítimas de violencia sexual.

En Monfero a 17 de novembro de 2025

Asdo. Manuel García Deive Concelleiro do BNG”

O Sr. Alcalde en funcións concédelle a palabra ao Sr. concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, quen manifesta que non ten nada que dicir, que se quere que a lea que el agora non pode. O Sr. Alcalde en funcións manifesta que a el non lle fai falta que xa a leu e pregunta se hai algunha intervención máis.

Pide a palabra a Sra. Voceira do Grupo Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño, e manifesta:

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

“Ben, nós queremos aquí dicir que o compromiso do goberno galego e do Partido Popular na erradicación da violencia contra as mulleres é firme. Proba disto é que en Galicia contamos coa Lei de Prevención e tratamento integral da violencia de xénero, coa nova Lei de igualdade de Galicia e están en elaboración a futura Lei de acoso e violencia dixital. Sen embargo, este compromiso vai máis alá do ámbito normativo, por iso nos orzamentos dedicados a este eido superarán os 24.000.000,00 de euros no 2026. E dado que a loita contra a violencia de xénero ten que ir acompañada dun reforzo das políticas de igualdade, destinaremos tamén máis de 28.000.000,00€ á promoción da igualdade. Serían preto de 53.000.000,00€ dedicados a ese eido. Un incremento que permite, non só manter os recursos, servizos e prestacións que xa hai a dispor das vítimas, senón tamén reforzalos e amplialos para atallar esta lacra. Existen axudas directas e periódicas ás vítimas de violencia de xénero, que ofrece a Xunta en exclusiva, así como as axudas de pago único ás vítimas, axudas para darlles tamén unha solución habitacional. Existen tamén axudas para a súa inserción laboral, para que logren unha plena independencia do seu agresor. Existen axudas de asistencia psicolóxica de xeito integral e tamén existen axudas de asistencia xurídica gratuíta. Ese apoio incondicional que ten o goberno galego a todas as mulleres que sofren de violencia de xénero, maniféstase tamén coa creación dos cinco centros de crise vinte catro horas, nos complexos sanitario de Santiago, Ferrol, Lugo, Ourense e Vigo. Uns centros que ofrecen servizos de atención psicolóxica, xurídica e social. Dan apoio e asistencia ás vítimas, familiares ou persoas da súa contorna. Inclúen información telefónica e presencial as vinte catro horas do día durante todo o ano. Trátase duns centros que contan cun protocolo de funcionamento elaborado e confeccionado pola Xunta de Galicia, que tamén supervisa, controla e resolve as incidencias que poidan existir nestes centros de crise. O executivo central non foi capaz de elaborar un protocolo de actuación común para tódalas Comunidades Autónomas, nin chegou ao financiamento necesario para o seu mantemento, unha práctica da que xa nos ten acostumados o goberno central, iso si, recalcando que o goberno central está apoiado polo Bloque Nacionalista Galego.”

A continuación pide a palabra para intervir o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, e manifesta que este ano baixaron os orzamentos de 26.500.000 a 25.000.000 e pregunta retoricamente cantos de eses centros que nomeou son públicos, xa que son todos privados, que privatizaron absolutamente todo. Concorde a Sra. Concelleira. Intervén agora o Sr. Concelleiro do PP, D. José Tojeiro Mosquera, para dicir que o caso é que funciona e pregunta se funciona.

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis. Non se produce ningunha e anuncia que vai someter a votación a moción do BNG sobre este punto da orde do día. Vótase. O resultado é de 4 votos a favor (PSOE e BNG), 4 votos en contra (PP) e ningunha abstención. Como o resultado é de empate repítese a votación co mesmo resultado e decide o voto de calidade do Sr. Alcalde en funcións, quen proclama que a moción do BNG relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de incrementar os recursos públicos para facer fronte á violencia machista, á que se refire este punto da orde do día, é aprobada co voto de calidade do Sr. Alcalde en funcións.

10.- DAR CONTA DO RESUMO DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA DO MES DE OUTUBRO DE 2025

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

O extracto das resolucións da Alcaldía do mes de outubro de 2025, que se enviou ao mesmo tempo que a convocatoria desta sesión á Sra. Voceira do Grupo Político municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, transcríbese literalmente deseguido:

EXTRACTO RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA OUTUBRO

2025

Nº Decreto	Asunto	Fecha Firma
00310/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-10-01 12:02:00
00311/2025	ASISTENCIA ÓRGANOS COLEXIADOS	2025-10-01 22:45:00
00312/2025	Adxudicación CM SERV.CONTROL CALIDADE EXT. OBRAS POS+ adicional 2b/2024	2025-10-02 12:06:00
00313/2025	EMENDA DECRETO 294/2025 RELACIÓN FACTURAS 051DOISE/2025	2025-10-03 11:40:00
00314/2025	ACEPTACIÓN PROPOSTA MC XGL	2025-10-03 12:15:00
00315/2025	Aprobación proxecto modificado POS+ADICIONAL 2b/2025	2025-10-03 22:00:00
00316/2025	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL	2025-10-03 22:01:00
00317/2025	MODELO 111 3ºT/2025	2025-10-06 14:53:00
00318/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-10-08 13:04:00
00319/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-10-09 12:08:00
00320/2025	MOVEMENTO POBOACIONAL 3ºT/2025	2025-10-09 12:10:00
00321/2025	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA EXTRAORDINARIA URGENTE 13-10-2025 (13/2025)	2025-10-10 14:55:00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

00322/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 13-10-2025 (35/2025)	2025-10-10 15:39:00
00323/2025	CONVOCATORIA SESIÓN PLENARIA ORDINARIA 17-10-2025 (14/2025)	2025-10-14 12:35:00
00324/2025	Adxudicación Obras PLAN CAMIÑA RURAL 2025-2026	2025-10-14 14:54:00
00325/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-10-15 11:22:00
00326/2025	RELACIÓN FACTURAS 056DRRSU/2025	2025-10-15 14:40:00
00327/2025	RELACIÓN FACTURAS 055DOISU/2025	2025-10-15 14:40:00
00328/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 17-10-2025 (36/2025)	2025-10-16 11:33:00
00329/2025	EXPDTE M.C 15/2025. X.C	2025-10-17 13:26:00
00330/2025	APROBACIÓN PLAN SEGURIDADE E SAÚDE Obras PLAN CAMIÑA RURAL 2025-2026	2025-10-20 22:28:00
00331/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 22-10-2025 (37/2025)	2025-10-21 13:08:00
00332/2025	DECRETO SAF SERVICIOS MINIMOS	2025-10-22 15:29:00
00333/2025	Adxudicación C.M - SUBMINISTRACIÓN MATERIAL PACTO ESTADO V.X.2025	2025-10-24 12:54:00
00334/2025	CONCESIÓN DE PERMISO POR ASUNTOS PARTICULARES	2025-10-24 12:55:00
00335/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-10-28 10:00:00
00336/2025	NÓMINAS 10/2025	2025-10-28 10:00:00
00337/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-10-28 10:02:00
00338/2025	CONCESIÓN PERMISO ASUNTOS PARTICULARES	2025-10-28 10:02:00

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

00339/2025	APROBACIÓN DESFRUTE PERÍODO VACACIONAL	2025-10-28 13:29:00
00340/2025	COSTE SERVICIOS 2024	2025-10-29 11:41:00
00341/2025	CONVOCATORIA XUNTA DE GOBERNO LOCAL 31-10-2025 (38/2025)	2025-10-30 13:24:00
00342/2025	NECESIDADES SERVICIO DE CONTRATACIÓN	2025-10-30 14:16:00
00343/2025	LEVANTAMENTO DE REPAROS RELACIÓN FACTURAS 057XRRSE/2025 CON AD	2025-10-30 14:16:00
00344/2025	EXPDTE. M.C 16/2025 - TRANSFERENCIA DE CRÉDITOS	2025-10-31 18:56:00

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que tamén o teñen todos, pregunta se hai algunha intervención, non se produce ningunha e proclama que o pleno toma coñecemento.

11.- ASUNTOS URGENTES

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que en asuntos urgentes quería levar por urgencia a proposta de adjudicación da obra da Casa Rectoral do Canedo, aproveitando que hai un pleno ordinario, se evita convocar un extraordinario e se adianta uns días.

Non se producen intervencións e o Sr. Alcalde en funcións anuncia que vai someter a votación a urgencia de tratar a proposta. Votase. O resultado é que votan a favor as oito persoas membros da Corporación asistentes á sesión e, polo tanto, apréciase a urgencia de tratar o asunto co quórum esixido da maioría absoluta. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións así o proclama e deseguido procede con el.

O Sr. Alcalde en funcións procede á lectura da súa proposta de acordo sobre este tema que se transcríbese textualmente a continuación e consta asinada dixitalmente no expediente electrónico da aplicación Tedec núm. 2025/C003/000002, que se entregou con anterioridade á celebración desta sesión á Sra. Voceira do Grupo Político Municipal do PP e ao Sr. Concelleiro do BNG, xunto coa acta que contén a proposta de adjudicación efectuada pola Mesa de Contratación do Pleno na sesión realizada o día 20 de novembro de 2025, o informe de fiscalización da Secretaría – Intervención do día da data, o informe do técnico contratado para a prestación da asistencia técnica urbanística emitido sobre este tema ao que se fai referencia máis adiante na proposta e o correo enviado pola Oficina Técnica de Asistencia a Solicitantes – Orde TED/1476/2021 e Orde TED/1381/2023 (Oficina de apoio ao ITJ), de As Pontes, dirixido á conta de correo oficial do Sr. Alcalde en funcións desde Infra_AsPontes@tragsa.es o 4-11-25 e reenviado desde esta última á conta de correo oficial do Concello da Secretaría-Intervención pola Alcaldía, no que se poñen de

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

manifesto unha serie de incidencias con relación á tramitación da última modificación do proxecto (4ª, de 25-09-25), que tamén constan no dito expediente electrónico:

“PROPOSTA DE ACORDO QUE FORMULA A ALCALDÍA

Sesión plenaria do día 21 de novembro de 2025

Asunto: EXECUCIÓN DA OBRA “PROYECTO REFUNDIDO DE EJECUCIÓN REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTROSOCIAL (25-09-2025)” FINANCIADA CON FONDOS DO PLAN DE RECUPERACIÓN, TRANSFORMACIÓN E RESILIENCIA –FINANCIADO POLA UNIÓN EUROPEA - NEXT GENERATION (PRTR) -Nº EXPEDIENTE ITJ 2022/C187.- ADXUDICACIÓN

Logo de ver a documentación do expediente núm. 2025/C003/000002 pertencente á obra contida no proxecto nomeado, PROYECTO REFUNDIDO DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (25 setembro 2025), a proposta de adxudicación, efectuada pola Mesa de Contratación do Pleno, na sesión realizada o día 20 de novembro de 2025, o informe da Secretaría – Intervención do día da data e o informe do técnico contratado para a prestación da asistencia técnica urbanística emitido sobre este tema que consta no expediente, no que informa que “Dende o punto de vista técnico, o documento de proxecto, respecto da resolución da Dirección Xeral de Patrimonio contén tódalas unidades de obra para a posta en funcionamento do edificio, incluída a unidade exterior de aire acondicionado polo que se entende que a súa posición non debería alterar o obxecto de contratación nin do proxecto nin dos sistemas de instalacións incluídos no mesmo. Ben e certo que, aínda a que a documentación de proxecto pódese considerar adecuada aos efectos de contratación , posto que a resolución é positiva na totalidade das unidades de obra agás a posición da instalación de climatización, segundo o criterio técnico do redactor do presente informe, considérase indispensable para a obtención da documentación de final de obra , a xustificación da subvención e a posta en funcionamento do edificio , que a unidade exterior sexa completamente definida e autorizada respecto ao seu emprazamento previa finalización da execución dos traballos. Non obstante, no entanto que a posición puidese requirir dalgunha modificación nas unidades de proxecto, cabe supoñer que ditas modificacións encadraríanse dentro das modificacións non previstas no prego segundo o artigo 205 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público e cláusula 34.7 do prego que rexe a contratación, por atopar a súa xustificación no suposto c) do punto 2 do referido artigo 205, relativo ás modificacións non substanciais. A modificación polo tanto non alteraría as condicións esenciais da licitación e adxudicación, limitándose a introducir as variacións estritamente indispensables para responder á causa obxectiva referida”, que non haberá ningún inconveniente tanto para obter a autorización de Patrimonio como a do ITJ cando sexa posible solicitálas, por que se cumprirá con todas as súas condicións e requisitos, que, doutro xeito non se podería xustificar en prazo a subvención que financia as obras e que, polo tanto, concorren

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

razóns de interese público para a adopción dos acordos que se propoñen, e que o licitador proposto cumpre cos requisitos previos para contratar coa administración, propóñolle ao Pleno da corporación a adopción dos seguintes acordos:

PRIMEIRO: Continuar coa tramitación do expediente de contratación e entender con isto resoltas as cuestións planteadas pola Intervención Municipal polas razón de interese público concorrentes.

SEGUNDO: Aceptar a proposta da Mesa de contratación do Pleno de non admisión da oferta incurso inicialmente en presunción de anormalidade e **excluíla da clasificación porque non se considera debidamente xustificada.**

TERCEIRO: Aceptar a proposta da Mesa de contratación e **propoñer a adxudicación** do contrato de obras que se relaciona a continuación á empresa que se sinala por ser a que obtén unha maior puntuación en aplicación do criterio de adxudicación “oferta económica”.

Tipo de contrato:	Obras	
Denominación obra	PROYECTO REFUNDIDO DE EJECUCIÓN DE REHABILITACIÓN INTEGRAL DE EDIFICIO MUNICIPAL DESTINADO A CENTRO SOCIAL (25 septiembre 2025)	
Procedemento de contratación :	Aberto	
Tipo de tramitación	urxente (Interese público: cumprir cos prazos estipulados na convocatoria da subvención que financia a inversión, polo axustado prazo de execución das obras)	
Empresa adxudicataria	SERGONSA SERVICES, S.L.	
Importe adxudicación	Importe: 392043,00	Total: 474372,03
Prazo execución	Ata 15-06-2026	

CUARTO: **Efectuar requirimento ao licitador**, mediante comunicación electrónica a través da Plataforma de Contratación del Sector Público, para que presente por medios electrónicos e con sinatura electrónica, a **documentación contemplada na cláusula 16 do Prego** de cláusulas administrativas (PCAP), **no prazo de 5 días hábiles**, en concreto a contemplada nas seguintes:

16.1.6 Dirección electrónica habilitada para notificacións:

16.1.10 Garantía definitiva: Documento acreditativo da constitución

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

16.1.11 Acreditación de dispoñer efectivamente dos medios persoais e materiais que se comprometeu a dedicar ou adscribir á execución do contrato

16.1.12 Acreditación documental dos requisitos esixidos en la cláusula 12. 1.2

16.1.13 Plan de igualdade: documento acreditativo da aprobación e inscrición rexistro

16.1.15 Ratificación dos compromisos indicados na cláusula 12.1.2

16.1.16 Declaración segundo modelos indicados no anexo VII.2 (tanto para adxudicatario coma para os subcontratistas)

O Alcalde en funcións, Alberto Cortizas Rejo”

O Sr. Alcalde en funcións manifesta que o que se propón é adxudicarlle a obra á empresa Sergonsa. Informa de que se presentaron tres: Arapedra, de Valdoviño, que baixou 100€; Sergonsa, que fixo unha baixa de 24.000€; e Nature, que cre que é de Lalín. Pregúntalle ao Sr. Secretario, quen non o pode confirmar porque non o sabe. Continúa o Sr. Alcalde en funcións dicindo que é de Lalín, Silleda ou por aí, que fixo unha baixa duns 50.000€, caeu en baixa temeraria e non deu xustificado debidamente a súa baixa polo que pasaría á segunda, que é Sergonsa. Que no tocante ao informe de Intervención, respecto ao que temos que obter de Patrimonio, por unha bomba de calor que se quere poñer alí fóra para o aire acondicionado, que aínda non temos o permiso de Patrimonio, enténdese que deberíamos telo xa pero segundo o criterio técnico do noso arquitecto municipal non habería problema en obtela durante a obra. Que non cre que haxa problema porque vai ser unha caseta que seguramente que poñan fóra, con toda seguridade, e entende que non vai a haber problema ningún. Que se agora se meten a pedir autorización a Patrimonio ao mellor hai que parar todo e, como di aquí a proposta, por razóns de interese público e de prazo, imos tirar para adiante igual, que teñen o informe do técnico que os ampara de que se pode pedir perfectamente durante a execución da obra esta autorización.

Pregunta agora o Sr. Alcalde en funcións se hai algunha intervención, non se produce ningunha e anuncia que vai someter a votación a proposta, de adxudicación da obra á empresa Sergonsa. Votase. O resultado é que votan a favor as oito persoas membros da Corporación asistentes á sesión e, polo tanto, quedan adoptados por unanimidade os acordos que se propoñen nela. Xa que logo, o Sr. Alcalde en funcións así o proclama.

12.- ROGOS E PREGUNTAS

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención.

Pide a palabra para intervir a Sra. Voceira do Grupo Municipal do Partido Popular, D.^a M.^a Belén Salido Maroño. Expón que o seu grupo quería facer unha serie de preguntas. Indica que estivo a pa do Concello máis o tractor facendo unha obra no Recto, e entón que querían preguntar acerca diso, que foi que se fixo alí? Se llo pode explicar. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que si, que alí xa fai anos que lles pideran unha ampliación da estrada naquel treito daquel tramo porque parece ser

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

que teñen alí aos nenos pequenos xogando e que xa levaron varias veces apuros cos vehículos que as veces pasan rápido e pedíronlles se podían ampliar alí a estrada para máis seguridade dos nenos que as veces xogaban alí coas bicicletas entre eles e que levaron máis apuros. Que lles preguntaron si podían ampliar a estrada e lles dixeron que si cedían o terreo que non había ningún problema, por tema de seguridade que non habería problema ningún.

A Sra. Voceira do PP pregunta se a familia cedeu o terreo ao concello. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que si, claro. A Sra. Voceira do PP pide se poden ter acceso a esa documentación. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que foi verbal. Pregunta entón a Sra. Voceira do PP se non existe ningún tipo de... O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que non, que foi unha ampliación da estrada como se fai moitas veces nas ampliacións das estradas do Concello. A Sra. Voceira do PP indica que aquilo é unha finca privada. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que claro, pero que cederon para ampliar a estrada, que se hai documentación, pídese, que non hai problema ningún. A Sra. Voceira do PP di que queren saber se realmente houbo unha cesión. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que non, que foi verbal, como cando se fai unha ampliación nun camiño. Que agora en Santabaia vaise facer unha ampliación do camiño... Tamén moitas son verbais. Que cando se ampliou na casa do Loureiro ata o Casal de Abaixo tamén foi verbal. A Sra. Voceira do PP sinala que hai casos e casos, e pregunta cantos metros de ancho se lle vai a dar á estrada neste caso. O Sr. Alcalde en funcións pregunta en cal. A Sra. Voceira do PP contéstalle que no Recto. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que non o sabe de memoria, catro ou dous, non catro. A Sra. Voceira do PP pregunta que que se lle vai facer ao resto. O Sr. Alcalde en funcións pregúntalle que como ao resto. A Sra. Voceira do PP indica que alí hai máis de catro metros de ancho. O Sr. Alcalde en funcións manifesta que non recordo agora, catro ou cinco, que é por temas de seguridade. A Sra. Voceira do PP di que alí hai alomenos dez metros de ancho. O Sr. Alcalde en funcións engade que dicían de cambiar para alí os colectores porque tiran alí... hai alí unha carpintería e tiran alí sempre os voluminosos alí e restos de carpintería de tiralos pa alí e todo iso, que foi un pouco pensando nese sentido. A Sra. Voceira do PP pregunta agora se hai algún expediente desta obra no Concello. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que non, que iso foi todo verbal. A Sra. Voceira do PP pregunta se foi todo verbal. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que si, pero que a documentación pódese requirir. A Sra. Voceira do PP di agora que queren saber se hai un proxecto ou algo. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que non, que de iso non hai proxecto de nada. A Sra. Voceira do PP respóndelle que vale. O Sr. Alcalde en funcións engade que é unha ampliación da estrada para seguridade dos nenos que parece ser que outras veces tiveron apuros cos coches. A Sra. Voceira do PP indica que era algo que querían preguntar, e que quere que conste en acta a explicación que acaba de dar o Alcalde literalmente e despois simplemente pedir a barandilla da que falaban abaixo, que na Acea hai unha barandilla que... O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que si, que ben o sabe. Deseguido pide a palabra para intervir o Sr. Secretario-Interventor e manifesta que aquí ten que informar que o Concello non pode facer ningún tipo de traballos en parcelas que non sexan del. O Sr. Alcalde en funcións manifesta que xa, xa, pero que o cederon verbalmente e que se pode facer coa documentación, que non hai problema ningún. A Sra. Voceira do PP pregunta agora se a día de hoxe non hai nada, se non hai ningún tipo de documento desa obra nin nada. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que non. A Sra. Voceira do PP indica que

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.

(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)



CONCELLO DE MONFERO (A Coruña)

vale, e, dirixíndose ao Sr. Secretario, que queren que conste todo en acta, que pola súa parte nada máis.

A continuación pide a palabra para intervir o Sr. Concelleiro do BNG, D. Manuel García Deive, e pregunta se se soubo algo da placa de Taboada. O Sr. Alcalde en funcións contéstalle que si, que falou co cura, que agora é o de Vilachá, para quitala, que lle dixo que había unha moción presentada polo BNG no Concello. Apunta o Sr. Concelleiro do BNG que se trata dunha moción de marzo do ano pasado. Continúa o Sr. Alcalde en funcións informando de que lle dixo que ían a proceder a súa retirada... O Sr. Concelleiro do BNG indica hai que cumprir a lei. O Sr. Alcalde en funcións concorda que hai unha moción aprobada e que hai que cumprir a Lei de Memoria democrática .

O Sr. Alcalde en funcións pregunta se hai algunha intervención máis, non se produce ningunha e, ao non haber máis asuntos que tratar, o Sr. Alcalde en funcións levantou a sesión, ás dezanove horas e cincuenta e un minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretario, certifícoo

O Alcalde en funcións

O Secretario-Interventor